

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**20652** *Real decreto 1889/2011, do 30 de decembro, polo que se regula o funcionamento da Comisión de Propiedade Intelectual.*

#### I

O artigo 158 da Lei de propiedade intelectual, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, crea no Ministerio de Cultura, hoxe Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, con carácter de órgano colexiado de ámbito nacional, a Comisión de Propiedade Intelectual, asignándolle funcións de mediación, arbitraje e salvagarda de dereitos no ámbito da propiedade intelectual.

A disposición derradeira cuadraxésimo terceira, número catro, da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, modifica o citado artigo 158, ampliando as funcións que debe exercer a Comisión de Propiedade Intelectual, que actuará por medio de dúas seccións. A Sección Primeira amplía o seu ámbito competencial, no caso da mediación, a todas as materias directamente relacionadas coa xestión colectiva de dereitos de propiedade intelectual e, no caso da arbitraje, aos conflitos entre distintas entidades de xestión, entre os titulares de dereitos e as entidades de xestión, e entre estas e as entidades de radiodifusión, entre outros; no exercicio das funcións para a fixación de cantidades substitutorias de tarifas enumérase, ademais, unha serie de criterios obxectivos que a Comisión debe valorar.

A Sección Primeira reforza así a súa condición de instrumento especialmente idóneo no funcionamento do sistema vixente da propiedade intelectual para resolver este tipo de conflitos, o que require xeralmente unha complexa valoración de dereitos e intereses, algo que se debe ter en conta na determinación dos procedementos de mediación e arbitraje da Comisión, que se leva a cabo mediante este real decreto, actualizando e mellorando os procedementos establecidos no Real decreto 479/1989, do 5 de maio, polo que se regula a composición e o procedemento de actuación da Comisión Arbitral de Propiedade Intelectual, modificado parcialmente polo Real decreto 1248/1995, do 14 de xullo, sen prexuízo das competencias que, de ser o caso, correspondan ás comunidades autónomas, de acordo cos seus estatutos de autonomía en materia de normas procesuais e procedementos administrativos que deriven das especialidades do dereito substantivo autonómico.

#### II

Así mesmo, a disposición derradeira cuadraxésimo terceira, número catro, da Lei 2/2011, do 5 de marzo, de economía sustentable, modifica tamén o artigo 158 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual (TRLPI), creando no seo da Comisión de Propiedade Intelectual unha Sección Segunda á cal corresponderá exercer as funcións previstas nos artigos 8 e concordantes da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, para a salvagarda dos dereitos de propiedade intelectual fronte á súa vulneración polos responsables de servizos da sociedade da información.

A Constitución española recoñece e outorga unha protección cualificada ao dereito a expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, a imaxe ou calquera outro medio. Xunto á liberdade de expresión, a Constitución consagra o dereito á produción e creación literaria, artística, científica e técnica. Sobre os poderes públicos recae o deber reforzado de garantir os mencionados dereitos e liberdades fundamentais e de remover os obstáculos para o seu pleno exercicio. Só combatendo os supostos de vulneración dos dereitos de propiedade intelectual dos autores e creadores e

impedindo o enriquecemento inxusto de quen os vulnera se pode garantir que aqueles reciban unha contraprestación pola explotación das súas obras e creacións, e se asegura a longo prazo a diversidade cultural, a liberdade de creación e o acceso de todos á cultura. Todo iso considerando que, conforme o artigo 27.2 da Declaración Universal de Dereitos Humanos de Nacións Unidas, <<toda persoa ten dereito á protección dos intereses morais e materiais que lle correspondan por razón das producións científicas, literarias ou artísticas de que sexa autora>>.

Este real decreto recolle o mandato legal, introducido no novo número 4 do artigo 158 do TRLPI, de determinar o funcionamento da referida Sección Segunda da Comisión de Propiedade Intelectual e o procedemento para o exercicio das súas funcións de salvagarda dos dereitos de propiedade intelectual, fronte á súa vulneración polos responsables de servizos da sociedade da información, funcións que, pola propia natureza global destes servizos, non son susceptibles de fraccionamento territorial, dada a imposibilidade de establecer precisamente nestes supostos o punto de conexión no contorno dixital, sen prexuízo das competencias que, de ser o caso, correspondan ás comunidades autónomas, de acordo cos seus estatutos de autonomía.

A composición da mencionada Sección Segunda é a establecida no número 4 do artigo 158 do TRLPI, que se debe interpretar á luz do Real decreto 1823/2011, do 21 de decembro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, e segundo o cal corresponde ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a protección da creación literaria e das actividades cinematográficas e audiovisuais. Nese departamento créase a Secretaría de Estado de Cultura como órgano superior que deberá exercer as competencias do ministerio sobre este sector de actividade administrativa, e baixo a presidencia de cuxo titular ou da persoa en que este delegue deberá, polo tanto, ter lugar a actividade da Sección Segunda da Comisión de Propiedade Intelectual.

### III

A revolución dixital está a supor unha oportunidade formidable para a creación e a difusión dos contidos culturais, pero tamén fixo xurdir e continúa facendo aparecer, en paralelo, novas modalidades de defraudación dos dereitos de propiedade intelectual a través dos propios servizos da sociedade da información, que intentan obviar que a posta á disposición do público de obras ou prestacións protexidas só é lícita -tamén na internet- cando conta con autorización por parte do titular dos dereitos de propiedade intelectual ou con amparo nalgún límite legal destes.

Este conxunto de circunstancias está a ocasionar, ademais da vulneración dos dereitos de propiedade intelectual mediante páxinas da internet, cuantiosas perdas ao sector das industrias culturais coa conseguinte destrución de emprego e riqueza dun sector que xera preto do 4 por 100 do produto interior bruto español. Así mesmo, a competencia desleal que supón este tráfico ilegal de contidos non só dificulta notablemente as posibilidades de desenvolvemento de novos modelos de negocio, limitando unha indubidable vía de expansión económica, senón que tamén está a afectar axentes claves no mundo das industrias culturais, dificultando a produción e creación musical, audiovisual, literaria ou multimedia, e prexudicando con iso o exercicio do dereito a comunicar ou recibir libremente novas creacións.

A protección dos dereitos de autor no contorno dixital en liña constitúe unha preocupación persistente do ámbito internacional e das institucións europeas. Pódese citar o artigo 14 do Acordo sobre os aspectos dos dereitos de propiedade intelectual relacionados co comercio (ADPIC) da Organización Mundial do Comercio, a Resolución do Parlamento Europeo, do 10 de abril de 2008, sobre unha Axenda europea para a cultura nun mundo en vías de globalización, as conclusións do Consello de Ministros da Unión Europea, do 20 de novembro de 2008, relativas ao desenvolvemento das ofertas legais de contidos culturais e creativos en liña e á prevención e a loita contra a pirataría no contorno dixital, ou a Resolución do Consello de Ministros da UE, do 1 de marzo de 2010, sobre o respecto dos dereitos de propiedade intelectual no mercado interior, que destacou que, no ámbito dos dereitos de autor e dereitos afíns, a pirataría de bens

culturais nun contorno dixital en rápido desenvolvemento dana a comercialización legal dos medios, dificulta a aplicación de modelos de negocio competitivos de subministración legal de contido cultural e creativo, pon en dúbida a adecuada retribución dos titulares dos dereitos e frea o dinamismo da industria cultural europea que brinda acceso a unha oferta cultural legal, diversa e de alta calidade.

Así mesmo, a Directiva 2004/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativa ao respecto dos dereitos de propiedade intelectual, considera que, sen medios eficaces de tutela dos dereitos de propiedade intelectual, a innovación e a creación perden incentivos e os investimentos se reducen. A este respecto, os medios de tutela dos dereitos de propiedade intelectual teñen unha importancia capital para o éxito do mercado interior, ben que resulta, así mesmo, esencial garantir un xusto equilibrio entre estes e outros dereitos que se deben protexer no contorno dixital, como son a liberdade de expresión e información, ou o segredo das comunicacións, igualmente tutelados polo marco comunitario e constitucional.

#### IV

A Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, enmarcada no conxunto de medidas que constitúen o Plan 2006-2010 para o desenvolvemento da sociedade da información e de converxencia con Europa e entre comunidades autónomas e cidades autónomas, Plan Avanza, aprobado polo Goberno en novembro de 2005, modificou o artigo 11 da Lei 34/2002, do 11 de xullo.

Así, na redacción vixente dos números 1 e 2 dese artigo 11, os órganos que teñan legalmente atribuídas competencias para iso pódense dirixir directamente a un prestador de servizos de intermediación da sociedade da información para lle ordenar que interrompa a prestación dun servizo dese tipo, retire determinados contidos provenientes de prestadores establecidos en España, ou impida o acceso desde o territorio español a servizos ou contidos cuxa interrupción ou retirada fose decidida, en caso de prestadores establecidos fóra da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo.

O número 3 dese artigo 11 aclara que, cando as medidas de retirada de contidos, impedimento do acceso desde España ou interrupción da prestación do servizo, afecten os dereitos e liberdades de expresión e información e demais amparados nos termos establecidos no artigo 20 da Constitución, aquelas deberán ser decididas polos órganos xurisdiccionais competentes.

Así, o referido artigo 158.4 establece que a execución das medidas adoptadas pola Sección Segunda da Comisión de Propiedade Intelectual exixirá a autorización xudicial previa, de acordo co procedemento regulado no número segundo do artigo 122 bis da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (introducido pola disposición derradeira cuaxadésimo terceira, número sete, da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable).

#### V

Na elaboración desta norma emitiron informe os daquela ministerios de Economía e Facenda, e de Política Territorial e Administración Pública, e foron consultadas as comunidades autónomas.

Tamén foron consultados e emitiron informe o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Consello Fiscal, o Consello de Consumidores e Usuarios, a Axencia Española de Protección de Datos e a Comisión interministerial de traballo para o asesoramento na loita contra a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual mediante páxinas da internet, creada polo acordo de Consello de Ministros do 9 de outubro de 2009. Igualmente, foron oídas as organizacións e asociacións recoñecidas pola lei e que agrupan ou representan os lexítimos interesados e cuxos fins gardan relación directa co obxecto do real decreto, e o contido da disposición foi notificado á Comisión Europea segundo o previsto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e

regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, que traspón a Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas e das regras relativas aos servizos da sociedade da información, modificada pola Directiva 98/48/CE.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, do ministro de Xustiza e do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 30 de decembro de 2011,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular o réxime xurídico e de funcionamento da Comisión de Propiedade Intelectual, órgano colexiado de ámbito nacional adscrito á Subdirección Xeral de Propiedade Intelectual do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a que se refire o artigo 158 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril.

## CAPÍTULO II

### Funcións e composición da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual

#### Artigo 2. *Funcións e réxime xurídico.*

1. A Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual exerce as funcións de mediación e arbitrase nas materias e nos supostos previstos no artigo 158.3 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

2. A Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual rexerase polo texto refundido da Lei de propiedade intelectual e por este real decreto e, con carácter supletorio, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e pola Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitrase, esta última no referente a procedementos arbitrais.

3. Ante a reiterada negativa dunha parte a someterse, por petición doutra, aos procedementos previstos nos capítulos IV e V sen aceptar tampouco acudir ante outro órgano que poida realizar unha arbitrase ao respecto, ou ante unha posibilidade de infracción da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, a Sección Primeira valorará se existen indicios racionais de condutas prohibidas de conformidade co previsto na dita lei, para os efectos de poñelo en coñecemento da Comisión Nacional da Competencia.

4. O tratamento levado a cabo pola Sección Primeira dos datos relacionados cos detalles e informacións derivados das actuacións realizadas no ámbito das súas funcións, efectuarase de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

#### Artigo 3. *Composición da Sección Primeira.*

1. A Sección Primeira da Comisión estará formada por tres membros titulares nomeados mediante orde do titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, por proposta dos subsecretarios dos ministerios de Xustiza, de Educación, Cultura e Deporte, e de Economía e Competitividade, por un período de tres anos renovable por unha soa

vez, entre expertos de recoñecida competencia en materia de propiedade intelectual. Sen prexuízo do cumprimento do anterior requisito, na proposta de nomeamento que realice cada un dos subsecretarios dos sinalados departamentos ministeriais poderase valorar adicionalmente a experiencia ou o coñecemento nos ámbitos do dereito económico e da competencia, e do mercado audiovisual e das comunicacións electrónicas. Na mesma orde ministerial quedará igualmente previsto, e polo mesmo sistema, o nomeamento de dous suplentes por cada titular, mediante designación en cada caso por parte do ministerio correspondente, e que actuarán como substitutos nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, sen prexuízo do que establece o punto seguinte acerca da substitución do presidente.

2. Mediante orde ministerial conxunta dos ministerios de Educación, Cultura e Deporte, e de Economía e Competitividade, nomearase un dos membros titulares como presidente da Sección, o cal dirixirá e coordinará os traballos, debates e votacións da sección, convocará e fixará a orde do día das reunións, e exercerá as demais facultades que sexan necesarias para o bo funcionamento da Sección. A orde conterá tamén o nomeamento dun destes membros da Sección como vicepresidente, con funcións de substitución do presidente nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal. En defecto do vicepresidente, desempeñará as funcións do presidente o terceiro membro titular da Sección e, subsidiariamente, o membro suplente que conte con máis antigüidade e, en caso de igual antigüidade, o membro suplente de maior idade.

3. Os membros da Sección Primeira exercerán as súas funcións con independencia, neutralidade e imparcialidade e estarán sometidos ás normas sobre recusación e abstención contidas na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje. As decisións da Sección que resolvan cuestións de fondo ou de ordenación procesual en toda clase de procedementos serán adoptadas por maioría dos seus membros. Salvo acordo en contrario das partes ou dos membros da Sección, o presidente poderá decidir por si só cuestións de tramitación e impulso do procedemento.

4. Sen prexuízo do previsto no anterior número 2 en relación co presidente da Sección, nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal que impida a un dos membros titulares intervir nun asunto sometido á Sección, esta comunicarllo ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, co fin de que se proceda á súa substitución para o conflito de que se trate, mediante un membro suplente e conforme dispón este artigo.

5. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, con nivel de subdirector xeral ou asimilado, mediante nomeamento polo titular da dirección xeral competente en materia de propiedade intelectual, e que non poderá realizar propostas de actuación en relación con cuestións de fondo nin sometelas a valoración da Sección Primeira para a súa aprobación salvo que esta así llo solicite.

6. Todas as actuacións da Sección Primeira se realizarán facendo uso de medios electrónicos nos casos en que estea establecido no desenvolvemento do número 2 da disposición adicional única, e de conformidade co establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

7. Os membros da Sección Primeira terán acceso aos acordos alcanzados pola ou polas entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual, para situacións análogas á suscitada, co ou cos usuarios ou licenciarios de dereitos que sexan parte no procedemento de mediación ou arbitraje que se estea a desenvolver.

### CAPÍTULO III

#### O procedemento de mediación

##### Artigo 4. *A solicitude de mediación.*

1. A solicitude de mediación dirixirase á Sección Primeira, mediante o modelo oficial que figura como anexo I a este real decreto en caso de non se empregaren medios

electrónicos, e nela as partes someteranse expresa e voluntariamente á Sección para que esta medie na solución do conflito que teñan entre elas e presente, de ser o caso, unha proposta, segundo o previsto no artigo 158.3.1º do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

2. Tamén se poderá instar a mediación mediante solicitude dirixida á Sección, en que unha das partes pida que se traslade esa solicitude á outra para que esta manfeste, no prazo de 15 días contado desde o seguinte ao da recepción dese traslado, se desexa someterse á mediación requirida. En caso de non a aceptar, isto notificaráselle á parte solicitante e impedirá a apertura do procedemento de mediación. En caso de que a parte cuxa aceptación se solicita non responda no citado prazo, entenderase que rexeita someterse á mediación solicitada.

3. A solicitude de mediación, á cal se lle xuntarán aqueles documentos sobre os cales a parte ou partes solicitantes da mediación apoiem as súas respectivas pretensións, comprenderá en todo caso os seguintes aspectos:

a) Os datos identificativos das partes interesadas na mediación ou, de ser o caso, da parte solicitante e da parte requirida, así como os seus domicilios para os efectos de notificación.

b) O obxecto do conflito.

c) O contido das pretensións da parte ou partes solicitantes e as que, de ser o caso, considere que mantén a outra ou outras partes, sucintamente expresadas.

d) A manifestación, da parte ou partes solicitantes, de aceptación da imparcialidade dos membros titulares da Sección Primeira na súa condición de mediadores ou, se non for así, as causas de recusación que entendan que concorren.

e) De ser o caso, escrito de nomeamento das persoas que representarán as partes na mediación, asinado por estas.

f) Constancia do pagamento da provisión de fondos para os gastos de administración do procedemento por parte da Comisión de Propiedade Intelectual e os honorarios dos membros da Sección Primeira na súa condición de mediadores, no importe que se estableza de conformidade coa disposición derradeira terceira.

g) Cando a solicitude sexa dunha asociación de usuarios ou doutra entidade de natureza asociativa, deberáselle xuntar unha certificación en que se comprenda o nome e apelidos ou razón social dos membros desa asociación, así como o acordo e mandato de representación adoptado, en relación coa mediación, polo seu órgano de goberno.

4. Os membros da Sección Primeira, na súa condición de mediadores, acordarán a admisión da solicitude de mediación por maioría, de conformidade coa competencia da Sección e cos demais requisitos establecidos no texto refundido da Lei da propiedade intelectual e neste capítulo. No caso de que se acorde a inadmisión ou a acumulación da solicitude a outros procedementos que se estean a tramitar ante a Sección e a prevalencia dun procedemento respecto a outro, a decisión será motivada e notificada ás partes.

5. O lugar de realización da mediación será a sede da Comisión de Propiedade Intelectual, no Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, salvo que, por solicitude de todas as partes, a Sección acorde que se realice noutro lugar.

6. No suposto de que se soliciten de forma simultánea procedementos de mediación e arbitraje, tramitarase en primeiro lugar o de mediación.

#### Artigo 5. *Negociacións e proposta na mediación.*

1. Admitida a trámite a solicitude de mediación, logo de sometemento das partes, a Sección convocará estas a unha reunión para que fixen as súas posicións iniciais, acheguen a documentación que consideren oportuna e expoñan os seus argumentos.

2. Fixadas as posicións das partes, a Sección Primeira convocará as reunións adicionais que considere precisas, sexa con todas as partes, sexa con algunha delas, coa finalidade de alcanzar un acordo entre aquelas ou presentar as propostas da Sección para solucionar o conflito.

3. O procedemento de mediación terá lugar de acordo cos principios de legalidade, voluntariedade, imparcialidade, neutralidade, igualdade entre as partes, confidencialidade e audiencia.

4. A inasistencia ou inactividade de calquera das partes non impedirá o desenvolvemento do procedemento, nin que a Sección presente propostas de solución do conflito.

5. En calquera momento do procedemento, a Sección, por iniciativa dos seus membros ou das partes, poderá acordar a práctica das probas que considere pertinentes. Os gastos que poida ocasionar a práctica da proba serán satisfeitos pola parte que a solicítase, ou por ambas as partes se así o aceptan, ou a pro rata cando fose proposta polos membros da Sección, salvo que as partes acepten que sexan satisfeitos por unha delas.

6. A interposición de accións xudiciais ou extraxudiciais non suspenderá a tramitación do procedemento de mediación.

#### Artigo 6. *Terminación do procedemento.*

1. O procedemento de mediación terminará, en todo caso, cando as partes alcancen un acordo sobre as cuestións controvertidas ou cando se produza unha desistencia conxunta ou de parte. En tal caso comunicaranllo á Sección, xuntando o acordo, que será consignado na resolución que acorde a terminación do procedemento mediador por avinza ou desistencia. Así mesmo, o procedemento finalizará cando a Sección aprecie de maneira xustificada que as posicións son irreconciliables ou concorra outra causa que determine a súa conclusión.

2. Fóra dos supostos previstos no punto anterior, cando a Sección considere que as cuestións foron suficientemente debatidas e, en todo caso, no prazo de dous meses como máximo desde a efectiva posta en marcha do procedemento de mediación previsto no artigo 5.1, dará por finalizado o intento de avinza e convocará as partes a unha audiencia para que formulen as súas posicións definitivas.

3. Sobre a base das posicións definitivas, así como do actuado con anterioridade, a Sección formulará, de ser o caso, no prazo dun mes desde a formulación desas posicións definitivas, unha proposta de solución do conflito, que será notificada ás partes de conformidade co disposto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Se transcorrido o prazo de tres meses desde a notificación da proposta de solución do conflito ningunha das partes manifestase a súa oposición motivada á proposta de solución, considerarase que todas elas a aceptan.

5. Se a Comisión aprecia a imposibilidade de alcanzar un acordo entre as partes, dará por finalizado o procedemento sen avinza de forma motivada, e notificaráello a todos os interesados.

6. En todo caso, a duración máxima do procedemento será de seis meses contados desde a data de admisión a trámite da solicitude de mediación.

7. Os acordos de conciliación, sexan os previstos no número 4 deste artigo ou expresos, producirán os efectos previstos na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje.

### CAPÍTULO IV

#### O procedemento xeral de arbitraje

#### Artigo 7. *A solicitude de arbitraje.*

1. A solicitude de arbitraje dirixirase á Sección Primeira, mediante o modelo oficial que figura como anexo II a este real decreto en caso de non se empregaren medios electrónicos, e segundo o previsto no artigo 158.3.2º do texto refundido da Lei de propiedade intelectual. A arbitraje solicitaráa a parte demandante ou, de ser o caso, ambas as partes conxuntamente:

a) Invocando un convenio ou cláusula arbitral nos termos definidos na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, en virtude do cal as partes se comprometeron a someter a controversia á arbitraje da Comisión de Propiedade Intelectual, ou

b) En defecto de convenio ou cláusula arbitral, instando a que se dea traslado da súa solicitude de arbitraje á outra parte, para que manifieste se desexa someterse á arbitraje requirida.

2. A solicitude de arbitraje conterá, polo menos, as seguintes mencións:

a) O nome completo, enderezo e demais datos relevantes para a identificación e o contacto da parte ou partes demandantes e da parte ou partes demandadas. En particular, deberá indicar os enderezos a que se deberán dirixir as comunicacións a todas esas partes.

b) A descrición do obxecto da controversia.

c) As pretensións que se formulan, con expresión, de ser posible, da súa contía.

d) O acto, contrato ou negocio xurídico de que derive a controversia ou co cal esta garde relación.

e) O convenio ou cláusula arbitral que, de ser o caso, se invoca.

3. Á solicitude de arbitraje deberánselle xuntar, polo menos, os seguintes documentos:

a) Copia do convenio arbitral ou cláusula arbitral, se existe.

b) Copia dos contratos, de ser o caso, de que derive a controversia.

c) De ser o caso, escrito que acredite a representación, cando a parte non actúe por si mesma. Tamén será posible o outorgamento de representación ante os servizos administrativos correspondentes.

d) Constancia do pagamento da provisión de fondos para os gastos de administración do procedemento pola Comisión de Propiedade Intelectual e os honorarios dos membros da Sección Primeira na súa condición de árbitros, no importe que se estableza de conformidade coa disposición derradeira terceira.

e) Cando a solicitude sexa dunha asociación de usuarios ou doutra entidade de natureza asociativa que legalmente se poida acoller a este procedemento de arbitraje, deberáselle xuntar unha certificación en que se comprenda o nome e os apelidos ou razón social dos membros desa asociación, así como o acordo e mandato de representación adoptado, en relación coa arbitraje, polo seu órgano de goberno.

4. Recibida a solicitude de arbitraje con todos os seus documentos e corrixidos, de ser o caso, os defectos que tivese, a Sección Primeira remitirá sen dilación ao demandado ou demandados unha copia da solicitude.

5. O demandado responderá á solicitude de arbitraje no prazo de 30 días hábiles desde a súa recepción. A falta de presentación da resposta á solicitude de arbitraje dentro do prazo conferido non suspenderá o procedemento no suposto previsto no artigo 7.1.a), pero entenderase como negativa de someterse á arbitraje e impedirá proseguir o procedemento no suposto previsto no artigo 7.1.b).

6. A resposta á solicitude de arbitraje conterá, polo menos, as seguintes mencións:

a) O nome completo do demandado, o seu enderezo e demais datos relevantes para a súa identificación e contacto; en particular, designará a persoa e o enderezo a que se deberán dirixir as comunicacións que se lle deban facer durante a arbitraje.

b) Os seus comentarios sobre a descrición da controversia efectuada polo demandante.

c) A súa posición sobre as pretensións do demandante.

d) Se se opón á arbitraje, a súa posición sobre a existencia, validez ou aplicabilidade do convenio ou cláusula arbitral.



7. Á resposta á solicitude de arbitraje deberánselle xuntar, polo menos, os seguintes documentos:

a) Escrito que acredite a representación, cando a parte non actúe por si mesma. Tamén será posible o outorgamento de representación entre os servizos administrativos correspondentes.

b) En caso de aceptación da arbitraje, constancia do pagamento da provisión de fondos para os gastos de administración do procedemento pola Comisión de Propiedade Intelectual e os honorarios dos membros da Sección Primeira, no importe que se estableza de conformidade coa disposición derradeira terceira.

8. Recibida a resposta á solicitude de arbitraje con todos os seus documentos, a Sección Primeira remitirá unha copia ao demandante.

9. Os membros da Sección decidirán sobre a admisión da solicitude de arbitraje, ou sobre a acumulación da solicitude a outros procedementos que se estean a tramitar ante a Sección e, de maneira motivada, sobre a prevalencia dun procedemento respecto a outro, e estarán facultados para decidir sobre a súa propia competencia, incluso sobre as excepcións relativas á existencia ou á validez do convenio ou cláusula arbitral ou calquera outra cuxa estimación impida entrar no fondo da controversia, de conformidade co establecido na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, no texto refundido da Lei da propiedade intelectual e neste real decreto.

#### Artigo 8. *Procedemento arbitral.*

1. Os membros da Sección Primeira dirixirán a arbitraje conforme o establecido no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, neste real decreto e, no non previsto nestas disposicións, na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, ou nos acordos a que cheguen as partes segundo o establecido nesta.

2. En todo caso, o procedemento axustarase aos principios de legalidade, voluntariedade, audiencia, confidencialidade, contradición, imparcialidade e igualdade entre as partes. A inasistencia ou inactividade de calquera delas non impedirá o desenvolvemento do procedemento nin que se dite o laudo, nin o privará da súa eficacia.

3. Os membros da Sección Primeira decidirán de oficio ou por instancia das partes sobre a admisibilidade, pertinencia e utilidade das probas propostas polas partes, sobre a súa práctica e a súa valoración, así como sobre a práctica de probas complementarias, cando o considerasen necesario para a formación do seu criterio. Os gastos que poida ocasionar a práctica da proba serán satisfeitos pola parte que a solicitase, ou por ambas as partes se así o aceptan ou a pro rata cando fose proposta polos membros da Sección salvo que as partes acepten que sexan satisfeitos por unha delas.

4. A Sección Primeira poderá convocar as reunións que considere precisas coa finalidade de promover un acordo entre as partes que permita a solución do conflito.

5. Cando a Sección considere que as cuestións foron suficientemente debatidas e sempre que non se alcanzase un acordo entre as partes nos termos previstos no número anterior, convocará unha audiencia para que as partes formulen as súas posicións definitivas.

#### Artigo 9. *Terminación do procedemento.*

1. O procedemento terminará, salvo acordo previo das partes, mediante un ou varios laudos escritos e motivados que resolverán todas as cuestións formuladas por aquelas no ámbito das competencias propias da Sección. A Sección pronunciarase no laudo final sobre as custas da arbitraje, definidas nos termos do número 6 do artigo 37 da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje. Calquera condena en custas deberá ser motivada e, salvo acordo por escrito en contrario das partes, como regra xeral, deberá reflectir o éxito e o fracaso das respectivas pretensións das partes, a non ser que, atendidas as circunstancias do caso, os membros da Sección considerasen inapropiada a aplicación deste principio xeral.

2. Os laudos adoptados terán carácter vinculante e serán executables e impugnables conforme o establecido na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje.

3. Salvo acordo en contrario das partes, os laudos deberanse ditar no prazo máximo de seis meses desde que o demandado presente a resposta á solicitude de arbitraje, prorrogables por un máximo de dous meses se as partes non se opoñen.

4. Non obstante o establecido nos números anteriores, se no transcurso do procedemento arbitral as partes alcanzasen un acordo que poña fin, total ou parcialmente, á controversia, formalizarano por escrito e comunicaranllo á Sección co fin de que se dean por terminadas as actuacións respecto dos puntos acordados e esta dite laudo nos termos convidados, salvo que aprecie motivos para oporse ou as partes renuncien a que este se dite.

## CAPÍTULO V

### **O procedemento de arbitraje para fixar unha cantidade substitutoria das tarifas xerais**

Artigo 10. *Procedemento aplicable.*

Cando unha entidade de xestión de dereitos de propiedade intelectual, unha asociación de usuarios ou unha entidade de radiodifusión faga uso da facultade prevista no artigo 158.3.2.b) do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, co obxecto de fixar unha cantidade substitutoria das tarifas xerais establecidas por unha entidade de xestión, o procedemento axustarase ao disposto no capítulo IV, coas excepcións previstas neste capítulo.

Artigo 11. *Solicitude de arbitraje para fixar unha cantidade substitutoria das tarifas xerais.*

1. A solicitude de arbitraje poderá ser formulada pola entidade de xestión, a asociación de usuarios ou a entidade de radiodifusión e, ademais dos requisitos e documentos establecidos no artigo 7, deberá reunir os seguintes requisitos, e presentarse mediante o modelo oficial que figura como anexo III a este real decreto en caso de non se empregaren medios electrónicos:

- a) Fixar, como obxecto desta, unha cantidade substitutoria das tarifas xerais establecidas pola entidade de xestión.
- b) Expor as razóns que xustifican a solicitude de substitución da cantidade establecida pola entidade de xestión.
- c) Propor unha cantidade substitutoria determinada ou determinable basicamente mediante unha operación aritmética.
- d) Incluír, en defecto de convenio arbitral, o expreso sometemento á competencia da Sección Primeira conforme o previsto no artigo 158.3.2.b) do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, para dar solución ao conflito.
- e) A parte propoñente poderá xuntar aos documentos exigidos nas letras b) e c) deste punto cantos outros documentos e probas coide convenientes.

2. Presentada a solicitude, a Sección Primeira dará traslado dela á outra parte para que presente a súa resposta cos requisitos e documentos establecidos no artigo 7, dentro do prazo de 20 días desde a súa recepción. A falta de presentación da resposta no prazo referido terá os efectos previstos no artigo 7.5.

3. A Sección decidirá sobre a admisión do procedemento, de conformidade co artigo 7.9. A inadmisión da solicitude deixará expedita a vía xudicial ordinaria para coñecer do asunto sometido á Sección Primeira.

Artigo 12. *Desenvolvemento do procedemento.*

Admitida unha solicitude de fixación de cantidade substitutoria de tarifas xerais, comunicaráselles ás partes e o procedemento desenvolverase conforme o disposto nos artigos 8 e 9 coas seguintes especialidades:

a) A inasistencia ou inactividade de calquera das partes non impedirá o desenvolvemento do procedemento, nin que se adopte a decisión arbitral resolutoria do conflito, nin a privará da súa eficacia.

b) A presentación dunha solicitude de fixación de cantidade substitutoria das tarifas xerais conforme este capítulo non exime os empresarios individuais ou sociais representados pola asociación de usuarios ou a entidade de radiodifusión, da obriga de facer efectiva baixo reserva ou consignar xudicialmente a cantidade establecida pola entidade de xestión, conforme o artigo 157.2 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, ou a cantidade que cautelarmente poida establecer a Sección por instancia de parte, para se entenderen autorizados a exercer o dereito de propiedade intelectual a que fan referencia as tarifas xerais obxecto da controversia.

c) A decisión arbitral resolutoria do conflito será escrita e motivada e basearase nos criterios mencionados no artigo 158.3.3º do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

## CAPÍTULO VI

### **Funcións e composición da Sección Segunda da Comisión de Propiedade Intelectual**

Artigo 13. *Funcións da Sección Segunda.*

1. A Sección Segunda da Comisión de Propiedade Intelectual exerce as funcións de salvagarda dos dereitos de propiedade intelectual, fronte á súa vulneración polos responsables de servizos da sociedade da información, nos termos previstos no artigo 158.2 e 4 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

2. A Sección Segunda da Comisión de Propiedade Intelectual rexerese polo texto refundido da Lei de propiedade intelectual, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, pola Lei 29/1998, do 13 de xullo, pola Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, e polo presente real decreto.

3. A Sección Segunda levará a cabo as súas funcións respecto aos casos de vulneración dos dereitos de propiedade intelectual polo responsable dun servizo da sociedade da información, sempre que ese responsable, directa ou indirectamente, actúe con ánimo de lucro ou causase ou sexa susceptible de causar un dano patrimonial ao titular de tales dereitos, de acordo co procedemento establecido no capítulo VII.

4. Cando, con ocasión da análise e valoración das solicitudes que presenta ante a Sección Segunda quen considere que se vulneraron os seus dereitos de propiedade intelectual ou os dos seus representados, se tiver noticia de feitos que puideren ser constitutivos de delito público, aplicarase o disposto no artigo 262 da Lei de axuízamento criminal sobre a obriga de denunciar ante as autoridades competentes, sen prexuízo de que a Sección siga desenvolvendo a súa función salvo que o órgano xurisdiccional penal ordene outra cousa.

5. O tratamento levado a cabo pola Sección Segunda dos datos relacionados cos detalles e informacións derivados das actuacións realizadas no ámbito das súas funcións efectuarase de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e, en particular, no seu artigo 7.5 se están referidos á comisión de infraccións penais ou administrativas.

6. No suposto de que a Sección Segunda advirta presuntos incumprimentos das obrigas que a Lei 34/2002, do 11 de xullo, impón aos prestadores de servizos da sociedade da información, dará parte desta circunstancia ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, para os efectos previstos no artigo 43 da citada lei.

Artigo 14. *Composición da Sección Segunda da Comisión de Propiedade Intelectual.*

1. A Sección Segunda da Comisión de Propiedade Intelectual estará composta pola persoa titular da Secretaría de Estado de Cultura ou persoa en que esta delegue, que exercerá a presidencia da Sección, e por catro vogais dos ministerios de Educación, Cultura e Deporte, de Industria, Enerxía e Turismo, de Presidencia, e de Economía e Competitividade, respectivamente, designados por tales departamentos, entre o persoal das administracións públicas pertencente a grupos ou categorías para os cales se exixa titulación superior, e que reúna coñecementos específicos acreditados en materia de propiedade intelectual. Sen prexuízo do cumprimento do anterior requisito, na designación que realice cada departamento valorarase adicionalmente a formación xurídica nos ámbitos do dereito procesual, da xurisdición contencioso-administrativa e das comunicacións electrónicas.

2. Os ministerios de Educación, Cultura e Deporte, de Industria, Enerxía e Turismo, de Presidencia, e de Economía e Competitividade designarán no mesmo acto, segundo os requisitos sinalados no número anterior, un suplente para cada un dos vogais, para os efectos legalmente previstos nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada.

3. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, con nivel de subdirector xeral ou asimilado, mediante nomeamento polo titular da dirección xeral competente en materia de propiedade intelectual.

4. Todas as actuacións da Sección Segunda se realizarán facendo uso de medios electrónicos nos casos en que estea establecido, segundo o previsto na disposición adicional única e nos termos establecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño.

## CAPÍTULO VII

### **Procedemento de salvagarda dos dereitos de propiedade intelectual**

Artigo 15. *Ámbito de aplicación.*

1. O procedemento regulado neste capítulo ten por finalidade o restablecemento da legalidade nos casos en que se declare a existencia dunha vulneración dos dereitos de propiedade intelectual mediante a prestación de servizos da sociedade da información.

2. Están lexitimados para instar o inicio do procedemento regulado neste capítulo os titulares dos dereitos de propiedade intelectual que se consideren vulnerados ou as persoas naturais ou xurídicas que tivesen encomendado o exercicio daqueles dereitos ou a representación de tales titulares.

3. O procedemento poderase dirixir contra os responsables de servizos da sociedade da información sobre os cales existan indicios de que están vulnerando dereitos de propiedade intelectual, cando na solicitude de quen inste o seu inicio se identifique expresamente o contido ofrecido ou aquel ao cal se facilite o acceso, e sempre que concorran as circunstancias que, segundo o disposto no artigo 158.4 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, permiten á Sección Segunda adoptar medidas para que se interrompa a prestación dos ditos servizos. Na consideración de tales indicios de vulneración de dereitos de propiedade intelectual deberase ter en conta, en todo o caso, o establecido nos artigos 16.2 e 17.2.c).

4. O procedemento de salvagarda dos dereitos de propiedade intelectual fronte á súa vulneración polos servizos da sociedade da información tramitarase de conformidade cos principios de legalidade, obxectividade, proporcionalidade e contradición.

Artigo 16. *Disposicións xerais.*

1. As notificacións que proceda levar a cabo, en relación co servizo ou servizos da sociedade da información contra os cales se dirixa o procedemento, realizaranse no enderezo que conste para os efectos do artigo 10.1.a) da Lei 34/2002, do 11 de xullo.

Cando se ignore o lugar de notificación ou cando non se puidese practicar, esta farase por calquera dos medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou complementariamente nos portais de notificación creados para estes efectos. A notificación levarase a cabo por medios electrónicos nos casos en que estea establecido no desenvolvemento da disposición adicional única deste real decreto e conforme o previsto nos artigos 25, 27 e 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

2. A Sección Segunda poderá utilizar os datos derivados das actuacións levadas a cabo no ámbito das súas funcións e recompilados por ela segundo o previsto no artigo 13.5, e dispor a acumulación de procedementos cando garden identidade substancial ou íntima conexión, segundo o establecido no artigo 73 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. Para os efectos da ordenación e instrución do procedemento teranse en conta as obrigas de información xeral previstas para os prestadores de servizos da sociedade da información no artigo 10 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, as competencias de supervisión e control do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo sobre aqueles e o deber de colaboración con este e coa Comisión de Propiedade Intelectual como órgano competente para estes efectos, segundo o previsto nos artigos 35 e 36 da dita lei.

#### Artigo 17. *Fase preliminar do procedemento.*

1. O procedemento, en que serán de aplicación os dereitos de defensa previstos no artigo 135 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, instarase mediante solicitude, segundo modelo oficial que figura como anexo IV a este real decreto en caso de non se empregaren medios electrónicos, dirixida á Secretaría da Sección Segunda da Comisión de Propiedade Intelectual. O titular da secretaría actuará como órgano instructor do procedemento. A solicitude presentarase por medios electrónicos nos casos en que estea establecido no desenvolvemento do número 2 da disposición adicional única, e deberá ser presentada por, ao menos, un titular do dereito de propiedade intelectual que se considera vulnerado ou pola persoa que tivese encomendado o seu exercicio.

2. A solicitude de iniciación deberá conter a información prevista no artigo 70.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e deberáselle xuntar a seguinte documentación e información:

- a) Identificación da obra ou prestación obxecto da solicitude.
- b) Acreditación, por calquera medio de proba admisible en dereito, da titularidade do dereito de propiedade intelectual alegado e, de ser o caso, da encomenda da súa xestión ou da representación do titular. En caso de dereitos con máis dun titular, incluíranse, de se coñeceren, os datos de identificación dos outros titulares.
- c) Acreditación, por calquera medio de proba admisible en dereito, de que a obra ou prestación alegada está a ser obxecto de explotación, lucrativa ou non, a través do servizo da sociedade da información obxecto da solicitude, que identifique, describa e localice tal actividade.
- d) Declaración de que non foi concedida autorización para a explotación realizada no servizo da sociedade da información obxecto da solicitude.
- e) Xustificación da concorrencia, directa ou indirecta, en cada un dos servizos a que se refira a solicitude, de ánimo de lucro ou dun dano causado ou que se lles podería causar aos titulares e que non teñan a obriga legal de soportar.
- f) Os datos de que dispoña o solicitante que permitan ou coadruen a identificar o responsable mediante a localización dos servizos da sociedade da información contra os cales se dirixe o procedemento, e que permitan establecer comunicación coas páxinas web que prestan os servizos, incluíndo, de ser o caso, os datos do correspondente prestador de servizos de intermediación da sociedade da información.
- g) Calquera outra circunstancia relevante no procedemento cuxo inicio se solicita, incluída a proposición daquelas probas ou comprobacións que o solicitante coide oportunas en defensa do seu dereito, sen prexuízo do seu dereito a propoñalas en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia previsto no artigo 21.

3. A Sección Segunda acordará o inicio do procedemento salvo que a solicitude incumpra algún dos requisitos exixidos no presente artigo ou na normativa pola cal se

rexe este procedemento, caso en que, segundo o previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, requirirá o interesado para que emende as faltas ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa petición, e as actuacións archivaranse logo da correspondente resolución. O inicio do procedemento será notificado ao correspondente prestador de servizos de intermediación da sociedade da información como interesado nel e para os efectos de telo informado da posibilidade de futuros requirimentos de identificación e de execución, nos termos previstos nos artigos 18 e 24.

*Artigo 18. Identificación do responsable mediante a localización do servizo da sociedade da información.*

1. Nos casos en que, ao inicio do procedemento, o responsable do servizo da sociedade da información contra o cal aquel se dirixe non se encontre suficientemente identificado, a Sección Segunda poderá proceder de acordo co establecido nos artigos 8.2 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, e 122 bis, número 1, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, remitindo de forma inmediata ao xulgado central do contencioso-administrativo competente solicitude de autorización xudicial para requirir ao prestador de servizos de intermediación da sociedade da información a cesión dos datos que permitan tal identificación do citado responsable, co fin de que, conforme o previsto no artigo 19, lle poida ser notificado o inicio do procedemento. De ser o caso, empregaranse os boletíns oficiais existentes ou portais de notificación creados para tales efectos, sempre de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e con medios electrónicos conforme o previsto nos artigos 25, 27 e 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, para que poida comparecer nel como interesado.

2. Nesa solicitude exporanse as razóns que a xustifican e achegaranse os documentos e ficheiros que sexan procedentes para estes efectos.

3. No suposto de que a Sección Segunda reciba varias solicitudes de inicio do procedemento contra un mesmo servizo da sociedade da información que teñan a súa razón de ser nunha mesma actividade vulneradora, remitirá aos xulgados centrais do contencioso-administrativo unha única solicitude de autorización xudicial para requirir, ao correspondente prestador de servizos de intermediación da sociedade da información, a posta á disposición dos datos que permitan a inequívoca identificación do responsable do servizo en que se está realizando a actividade obxecto da solicitude ou solicitudes de inicio do procedemento.

4. Ditado o auto sobre a solicitude de autorización xudicial para a localización, a Sección Segunda trasladará o seu contido ao prestador do servizo de intermediación da sociedade da información requiríndoo, de ser o caso, para que achegue de forma inmediata, nun prazo máximo de 48 horas desde a recepción do requirimento, os datos que permitan a inequívoca identificación do responsable mediante a localización do servizo da sociedade da información contra o cal se dirixe o procedemento sen que, en ningún caso, se poidan requirir datos de contido, de tráfico nin de localización que excedan o ámbito ou a finalidade deste procedemento. Se o auto xudicial denega a autorización solicitada, darase tamén traslado deste ao prestador do servizo de intermediación da sociedade da información.

*Artigo 19. Iniciación do procedemento.*

A Sección Segunda ditará acordo de inicio que se notificará ao responsable do servizo ou servizos da sociedade da información contra os cales o procedemento se dirixa e ao prestador de servizos de intermediación. Este acordo terá o contido mínimo seguinte:

a) A identificación dos responsables dos servizos da sociedade da información contra os cales o procedemento se dirixe.

b) O contido da solicitude que motiva a iniciación do procedemento e as medidas que puideren corresponder, sen prexuízo do que resulte da instrución.

c) O órgano competente para a resolución do expediente e norma que lle atribúe tal competencia.

d) O requirimento para que procedan, no prazo das 48 horas inmediatamente seguintes á práctica da notificación, á retirada voluntaria dos contidos segundo o establecido no artigo 20.1.

#### Artigo 20. *Retirada voluntaria e fase de alegacións.*

1. O acordo de inicio dará lugar ao requirimento ao responsable do servizo da sociedade da información, que poderá proceder, no prazo das 48 horas inmediatamente seguintes á práctica do requirimento, á retirada voluntaria dos contidos sinalados no acordo de inicio do procedemento que puideren resultar ilícitos por vulneraren dereitos de propiedade intelectual ou, no seu defecto, a realizar as alegacións e propor as probas que coide oportunas sobre a existencia dunha autorización para a explotación ou a aplicabilidade dun límite aos dereitos de propiedade intelectual ou calquera outra circunstancia na súa defensa.

2. En caso de que, atendendo ao requirimento da Sección Segunda, o responsable do servizo da sociedade da información voluntariamente interrompa o servizo ou retire o contido respecto ao cal se dirixe o procedemento, o instrutor procederá a archivar o procedemento sen máis trámite, notificando tal circunstancia aos interesados, e daráselle á dita interrupción do servizo ou retirada voluntaria valor de recoñecemento implícito da referida vulneración. Porén, se se restablece a actividade vulneradora, a Sección, por instancia do solicitante que deu inicio ao procedemento, poderá acordar a reapertura do expediente archivado, en fase de proba e conclusións ou, de se teren realizado xa esas actuacións, e ditar a resolución final conforme o artigo 22. Entenderase por restablecemento da actividade vulneradora o feito de que o mesmo responsable contra o cal se iniciou o procedemento explote de novo obras ou prestacións do mesmo titular, aínda que non se trate exactamente das que empregou na primeira ocasión, previa á retirada voluntaria dos contidos.

#### Artigo 21. *Fase de proba e conclusións.*

Transcorrido o prazo de 48 horas sen que se producise voluntariamente a interrupción do servizo ou a retirada dos contidos, formulásense ou non alegacións, o órgano instrutor practicará no prazo de dous días a proba ou probas pertinentes, de oficio ou por instancia dos interesados, e notificará o resultado da proba e a proposta de resolución aos interesados para que presenten as súas conclusións como trámite de audiencia, no prazo máximo de cinco días.

#### Artigo 22. *Resolución do procedemento.*

1. Transcorrido o prazo para conclusións, a Sección Segunda ditará resolución motivada no prazo máximo dos tres días seguintes e declarará, para os únicos efectos do artigo 158.4 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, que para esta quedou acreditada a existencia ou inexistencia dunha vulneración de dereitos de propiedade intelectual polo responsable do servizo da sociedade da información no caso obxecto do procedemento.

2. Declarado nesa resolución que para a Sección Segunda quedou acreditada a existencia dunha vulneración de dereitos de propiedade intelectual polo responsable do servizo da sociedade da información, a mesma resolución da Sección Segunda ordenará ao referido responsable a retirada dos contidos que vulneren dereitos de propiedade intelectual ou a interrupción da prestación do servizo da sociedade da información que vulnere os citados dereitos obxecto do procedemento, e aquel deberao cumprir nun prazo de 24 horas desde a súa notificación, que será notificada, así mesmo, ao correspondente prestador de servizos de intermediación da sociedade da información.

3. A resolución considerará, así mesmo, para o caso de incumprimento por parte do responsable do servizo da sociedade da información dentro do prazo de 24 horas sinalado

no número anterior, a suspensión dirixida aos servizos de intermediación da sociedade da información que correspondan para o eficaz cumprimento da resolución, nos termos precisos que sexan aplicables de acordo co disposto nos artigos 8 e 11 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, e 158.4 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual. Os servizos de intermediación deberán dar cumprimento a esta orde de suspensión nun prazo de 72 horas desde que se lles notifique o auto do xulgado central do contencioso-administrativo que a autoriza, de ser o caso, nos termos descritos nos artigos 23 e 24. Esta medida será obxectiva, proporcionada e non discriminatoria.

4. O prazo máximo en que deberá notificar a resolución a Sección Segunda será de 3 meses. A falta de notificación nese prazo terá efectos desestimatorios da solicitude segundo o disposto no artigo 158.4 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

#### Artigo 23. *Autorización xudicial para a execución da resolución.*

Se a resolución que declara, para os únicos efectos do artigo 158.4 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual non fose cumprida voluntariamente polo interesado no prazo de 24 horas sinalado no artigo 22.3, a Sección dirixirase ao xulgado central do contencioso-administrativo competente, segundo o establecido no artigo 122 bis, número 2, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para que dite o auto que autorice ou denegue a execución das medidas impostas pola resolución da Sección Segunda.

#### Artigo 24. *Execución da resolución.*

1. Unha vez recibido o auto do xulgado central do contencioso-administrativo competente, que autorice ou denegue a execución da suspensión, notificaráselles de forma inmediata á parte que iniciase o procedemento, ao responsable do servizo da sociedade da información vulnerador, aos demais interesados e aos prestadores dos servizos de intermediación da sociedade da información cuxa colaboración sexa necesaria, que deberán, de ser o caso, dar cumprimento á suspensión autorizada polo xulgado central do contencioso-administrativo competente de acordo co previsto no artigo 23, no prazo de 72 horas sinalado no artigo 22, que comezará a contar, para os efectos da adopción desa medida, desde a notificación do auto previamente referido.

2. A notificación aos prestadores dos servizos de intermediación da sociedade da información cuxa colaboración sexa precisa, do auto do xulgado central do contencioso-administrativo competente que autorice, de ser o caso, a execución, dará lugar ao coñecemento efectivo da actividade vulneradora no sentido establecido na Lei 34/2002, do 11 de xullo, sen prexuízo de que ese coñecemento efectivo se puidese ter producido por outros medios.

3. Esta notificación realizarase preferentemente por medios electrónicos, conforme o establecido nos artigos 27 e 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

4. En todo caso, a suspensión do servizo de intermediación será subsidiaria respecto do cumprimento voluntario das medidas contidas na resolución notificada segundo o previsto no artigo 22, e cesará cando se acredite ante a Sección Segunda o restablecemento da legalidade por parte do servizo da sociedade da información ou, en todo caso, unha vez transcorrido un ano desde a execución da medida.

5. En relación coa execución da resolución administrativa autorizada mediante auto do xulgado central do contencioso-administrativo competente, será aplicable a previsión dos artigos 38.2.b) e 39.1.a) da Lei 34/2002, do 11 de xullo.

#### Disposición adicional única. *Uso preferente de medios de comunicación electrónicos.*

1. Todas as actuacións dos procedementos regulados neste real decreto se realizarán preferentemente facendo uso de medios electrónicos nos termos previstos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. En aplicación do establecido nos artigos 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e 32 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente esa



lei, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte establecerá, mediante orde ministerial, a obrigatoriedade dos interesados nos procedementos regulados neste real decreto de se comunicaren coa Comisión de Propiedade Intelectual por medios electrónicos e de aceptaren os efectos da práctica das notificacións administrativas por estes medios electrónicos, así como a necesaria utilización dos rexistros electrónicos que se especifiquen, cando tales interesados se correspondan con persoas xurídicas ou colectivos de persoas físicas que por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados, teñan garantido o acceso e a dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos. Esta orde ministerial recollerá os modelos oficiais de solicitudes por medios electrónicos.

Disposición transitoria única. *Membros da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual.*

Mentres non se produza o nomeamento dos membros da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual segundo o establecido no artigo 3, esa Sección quedará integrada polos tres árbitros que actualmente compoñen a Comisión de Propiedade Intelectual.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste real decreto e, en particular, o Real decreto 479/1989, do 5 de maio, polo que se regula a composición e o procedemento de actuación da Comisión Arbitral de Propiedade Intelectual.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.9.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre lexislación sobre propiedade intelectual e industrial. Exceptúase do anterior os capítulos III, IV e V, que se ditan ao abeiro da competencia sobre lexislación procesual que a Constitución outorga ao Estado no seu artigo 149.1, ordinal 6<sup>o</sup>.

Disposición derradeira segunda. *Orzamento para a posta en funcionamento da Comisión de Propiedade Intelectual.*

O gasto que poida xerar a posta en funcionamento da Comisión de Propiedade Intelectual será asumido cos actuais medios con que conta o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

O titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, logo do informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, ditará as ordes ministeriais de desenvolvemento precisas para o cumprimento e a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de decembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN  
Vicepresidenta e ministra da Presidencia

## ANEXO I



MINISTERIO  
DE EDUCACIÓN, CULTURA  
E DEPORTE  
COMISIÓN DE PROPIEDAD INTELECTUAL  
SECCIÓN PRIMEIRA

SOLICITUDE n.º:

Data, hora e minuto de presentación  
/ / ....h. ....min.

(Para cubrir pola Administración)

**SOLICITUDE DE MEDIACIÓN (ARTIGO 158.3.1.º do texto refundido da Lei de propiedade intelectual)**
**PARTES NA MEDIACIÓN (rísquese o que non proceda):****NOME DA PERSOA, ENTIDADE OU EMPRESA SOLICITANTE 1 OU ÚNICA:**

NIF

DATOS DO REPRESENTANTE OU PERSOA DE CONTACTO:

NOME E APELIDOS

DNI ou NIE

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

ENDEREZO

LOCALIDADE

PROVINCIA

ESTADO

C.P.

TEL.

CORREO-E

CORREO-E (confirmar)

**NOME DA PERSOA, ENTIDADE OU EMPRESA SOLICITANTE 2 OU REQUIRIDA:**

NIF

DATOS DO REPRESENTANTE OU PERSOA DE CONTACTO:

NOME E APELIDOS

DNI OU NIE

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

ENDEREZO

LOCALIDADE

PROVINCIA

ESTADO

C.P.

TEL.

CORREO-E

CORREO-E (confirmar)

**XÚNTASE DOCUMENTACIÓN RELATIVA A:**

- OBXECTO DO CONFLITO

- CONTIDO DAS PRETENSÍONS E ALEGACIÓNS DO/S SOLICITANTE/S

- NOMEAMENTO DO/S REPRESENTANTE/S DA/S PARTE/S SOLICITANTE/S

- CONSTANCIA DO PAGAMENTO DA OPORTUNA PROVISIÓN DE FONDOS

- DE SER O CASO, CERTIFICACIÓN DO ACORDO E MANDATO DE REPRESENTACIÓN ADOPTADO, EN RELACIÓN COA MEDIACIÓN, POLO ÓRGANO DE GOBERNO DA ASOCIACIÓN DE USUARIOS OU ENTIDADE DE NATUREZA ASOCIATIVA SOLICITANTE

A parte ou partes solicitantes manifiestan que aceptan a imparcialidade dos membros titulares da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual na súa condición de mediadores ou, pola contra, xuntan escrito sobre as causas de recusación que entenden que concorren.

\_\_\_\_\_, \_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_.

Sinatura do/s solicitante/s,

## ANEXO II



MINISTERIO  
DE EDUCACIÓN, CULTURA  
E DEPORTE  
COMISIÓN DE PROPIEDAD INTELECTUAL  
SECCIÓN PRIMEIRA

SOLICITUDE n.º:

Data, hora e minuto de presentación  
/ / ....h. ....min.

(Para cubrir pola Administración)

**SOLICITUDE XERAL DE ARBITRAXE (ARTIGO 158.3.2.º do texto refundido da Lei de propiedade intelectual)**
**PARTES NA ARBITRAXE (rísquese o que non proceda):****NOME DA PERSOA, ENTIDADE OU ASOCIACIÓN DEMANDANTE 1 OU ÚNICA:**

NIF

DATOS DO REPRESENTANTE OU PERSOA DE CONTACTO:

NOME E APELIDOS

DNI OU NIE

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

ENDEREZO

LOCALIDADE

PROVINCIA

ESTADO

C.P.

TEL.

CORREO-E

CORREO-E (confirmar)

**NOME DA PERSOA, ENTIDADE OU ASOCIACIÓN DEMANDANTE 2 OU DEMANDADA:**

NIF

DATOS DO REPRESENTANTE OU PERSOA DE CONTACTO:

NOME E APELIDOS

DNI OU NIE

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

ENDEREZO

LOCALIDADE

PROVINCIA

ESTADO

C.P.

TEL.

CORREO-E

CORREO-E (confirmar)

**XÚNTASE DOCUMENTACIÓN RELATIVA A:**

- OBXECTO DA CONTROVERSIA
- PRETENSÍONS QUE SE FORMULAN, CON EXPRESIÓN, SE É POSIBLE, DA SÚA CONTÍA
- ACTO, CONTRATO OU NEGOCIO DE QUE DERIVE A CONTROVERSIA
- CONVENIO OU CLÁUSULA ARBITRAL, DE SER O CASO, INVOCADO
- NOMEAMENTO DO/S REPRESENTANTE/S DA/S PARTE/S DEMANDANTE/S
- CONSTANCIA DO PAGAMENTO DA OPORTUNA PROVISIÓN DE FONDOS
- DE SER O CASO, CERTIFICACIÓN DO ACORDO E MANDATO DE REPRESENTACIÓN ADOPTADO, EN RELACIÓN COA MEDIACIÓN, POLO ÓRGANO DE GOBERNO DA ASOCIACIÓN DE USUARIOS OU ENTIDADE DE NATUREZA ASOCIATIVA SOLICITANTE

\_\_\_\_\_, \_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_.

Sinatura do/s solicitante/s,

**A/A. SECRETARIO DA SECCIÓN PRIMEIRA DA COMISIÓN DE PROPIEDAD INTELECTUAL. MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE.**

## ANEXO III



MINISTERIO  
DE EDUCACIÓN, CULTURA  
E DEPORTE  
COMISIÓN DE PROPIEDAD INTELECTUAL  
SECCIÓN PRIMEIRA

SOLICITUDE n.º:

Data, hora e minuto de presentación  
/ / ....h. ....min.

(Para que cubra a Administración)

**SOLICITUDE DE ARBITRAXE PARA FIXAR UNHA CANTIDADE  
SUBSTITUTORIA DAS TARIFAS XERAIS (ARTIGO 158.3.3.º do texto refundido  
da Lei de propiedade intelectual)**

**PARTES NA ARBITRAXE (rísquese o que non proceda):****NOME DA PERSOA, ENTIDADE OU EMPRESA SOLICITANTE 1 OU ÚNICA:**

NIF

DATOS DO REPRESENTANTE OU PERSOA DE CONTACTO:

NOME E APELIDOS

DNI OU NIE

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

ENDEREZO

LOCALIDADE

PROVINCIA

ESTADO

C.P.

TEL.

CORREO-E

CORREO-E (confirmar)

**NOME DA PERSOA, ENTIDADE OU EMPRESA SOLICITANTE 2 OU REQUIRIDA:**

NIF

DATOS DO REPRESENTANTE OU PERSOA DE CONTACTO:

NOME E APELIDOS

DNI OU NIE

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

ENDEREZO

LOCALIDADE

PROVINCIA

ESTADO

C.P.

TEL.

CORREO-E

CORREO-E (confirmar)

**XÚNTASE DOCUMENTACIÓN RELATIVA A:**

- OBXECTO DA SOLICITUDE E RAZÓNS QUE A XUSTIFICAN
- PROPOSTA DE CANTIDADE SUBSTITUTORIA DETERMINADA OU DETERMINABLE
- CONVENIO OU CLÁUSULA ARBITRAL, DE SER O CASO, INVOCADO
- NOMEAMENTO DO/S REPRESENTANTE/S DA/S PARTE/S DEMANDANTE/S
- CONSTANCIA DO PAGAMENTO DA OPORTUNA PROVISIÓN DE FONDOS
- DE SER O CASO, CERTIFICACIÓN DO ACORDO E MANDATO DE REPRESENTACIÓN ADOPTADO, EN RELACIÓN COA MEDIACIÓN, POLO ÓRGANO DE GOBERNO DA ASOCIACIÓN DE USUARIOS OU ENTIDADE DE NATUREZA ASOCIATIVA SOLICITANTE

A parte ou partes solicitantes manifestan que se someten expresamente á competencia da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual conforme o previsto no artigo 158.3.2.b) do TRLPI.

\_\_\_\_\_, \_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_.

Sinatura do/s solicitante/s,

**A/A. SECRETARIO DA SECCIÓN PRIMEIRA DA COMISIÓN DE  
PROPIEDAD INTELECTUAL. MINISTERIO DE EDUCACIÓN,  
CULTURA E DEPORTE.**

## ANEXO IV



MINISTERIO  
DE EDUCACIÓN, CULTURA  
E DEPORTE  
COMISIÓN DE PROPIEDAD INTELECTUAL  
SECCIÓN SEGUNDA

SOLICITUDE n.º:

Data, hora e minuto de presentación  
/ / ....h. ....min.

(Para cubrir pola Administración)

**SOLICITUDE DE INICIACIÓN DO PROCEDEMENTO DE SALVAGARDA DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL EN PÁXINAS DA INTERNET (ARTIGO 158.4 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual)**

**SOLICITANTE (1):**

NOME E APELIDOS DO TITULAR DO DEREITO

NACIONALIDADE

DNI, NIE OU N.º PASAPORTE

DE SER O CASO, NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL DO REPRESENTANTE

TÍTULO CON BASE NO CAL SE DESEMPEÑA ESA REPRESENTACIÓN

DNI, NIE OU NIF

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

ENDEREZO

ESTADO

PROVINCIA

LOCALIDADE

C.P.

TEL.

CORREO-E

CORREO-E (confirmar)

SELECCIONE A FORMA EN QUE DESEXA RECIBIR AS NOTIFICACIÓNS DESTE PROCEDEMENTO:

ELECTRÓNICA POSTAL **TÍTULO DA OBRA OU PRESTACIÓN (2)**

URL EN QUE SE PRODUCE A VULNERACIÓN

**SERVIZO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN CONTRA O CAL SE SOLICITA O INICIO DO PROCEDEMENTO (3)**

NOME DE DOMINIO UTILIZADO

NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL DO RESPONSABLE DO SERVIZO

DOMICILIO SOCIAL. ENDEREZO

ESTADO

PROVINCIA

LOCALIDADE

C.P.

TEL.

CORREO-E

DATOS DA INSCRICIÓN DO SERVIZO NO REXISTRO MERCANTIL

OUTROS DATOS

**PRESTADOR DE SERVIZOS DE INTERMEDIACIÓN DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN**

NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL DO PRESTADOR DO SERVIZO

DOMICILIO SOCIAL. ENDEREZO

ESTADO

PROVINCIA

LOCALIDADE

C.P.

TEL.

CORREO-E

DATOS DA INSCRICIÓN DO SERVIZO NO REXISTRO MERCANTIL

OUTROS DATOS

O solicitante declara que son certos todos os datos consignados, e que non foi concedida autorización para a explotación realizada no servizo da sociedade da información mencionado.

\_\_\_\_\_, \_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_.

Sinatura do solicitante,

**A/A. SECRETARIO DA SECCIÓN SEGUNDA DA COMISIÓN DE PROPIEDAD INTELECTUAL. MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE.**

**INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR O MODELO OFICIAL “SOLICITUDE DE INICIACIÓN DE PROCEDEMENTO DE SALVAGARDA DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL EN PÁXINAS DA INTERNET (ARTIGO 158.4 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual)”**

**(1) SOLICITANTE:**

Xuntarse acreditación, de ser o caso, da encomenda de xestión ou da representación do titular. No caso de que o titular dos dereitos de propiedade intelectual encomendase a súa xestión a unha entidade de xestión das recoñecidas no texto refundido da Lei de propiedade intelectual será de aplicación o disposto no artigo 150 dese corpo legal.

De acordo co disposto na orde ministerial pola que se estableza a obrigatoriedade dos interesados no procedemento de salvagarda dos dereitos de propiedade intelectual de comunicarse coa Comisión de Propiedade Intelectual por medios electrónicos:

- Só se admitirá a presentación en papel da solicitude no caso de que o solicitante sexa unha persoa física titular de dereitos de propiedade intelectual, ou outra persoa física que inicie o procedemento en representación daquela.
- As notificacións relacionadas con este procedemento realizaranse por medios electrónicos en caso de que o solicitante sexa ou actúe en representación dunha persoa xurídica, ou ben sexa unha persoa física e seleccionase este tipo de notificación. Para tal efecto, crearáselle ao solicitante unha caixa de correo electrónico a que poderá acceder co seu certificado electrónico en <https://notificaciones.060.es>. De cada notificación realizada recibirá un aviso no enderezo de correo electrónico indicado na solicitude.

**(2) OBRA OU PRESTACIÓN:**

Identificaranse a obra ou prestación obxecto da solicitude. Xuntarse:

- Acreditación, por calquera medio de proba admisible en dereito, da titularidade do dereito de propiedade intelectual alegado. En caso de dereitos con máis dun titular, deberanse facilitar os datos de identificación dos outros titulares que o solicitante coñeza.
- Acreditación, por calquera medio de proba admisible en dereito, de que a obra ou prestación alegada está a ser obxecto de explotación, lucrativa ou non, a través do dito servizo, que identifique, describa e localice esa actividade.
- Declaración de que non foi concedida autorización para a explotación realizada no servizo da sociedade da información obxecto da solicitude.

**(3) SERVIZO. SOC. INF. CONTRA O CAL SE SOLICITA O INICIO DO PROCEDEMENTO:**

Indicaranse todos os datos de que dispoña o solicitante que permitan ou coadruen a identificar o responsable mediante a localización do ou dos servizos da sociedade da información contra os cales se dirixe o procedemento, e que permitan establecer comunicación coa ou coas páxinas web que prestan o ou os servizos, incluíndo os datos do correspondente prestador de servizos de intermediación da sociedade da información. Xuntarse:

- Xustificación da concorrencia, directa ou indirecta, en cada un dos servizos a que se refira a solicitude, de ánimo de lucro ou dun dano causado ou que se lles podería causar aos titulares e que non teñan a obriga legal de soportar.
- De ser o caso, todos os datos dispoñibles sobre os servizos e que evidencien a concorrencia de responsabilidade segundo o establecido no artigo 17 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.
- Calquera outra circunstancia relevante no procedemento cuxo inicio se solicita, incluída a proposición daquelas probas ou comprobacións que o solicitante coide oportunas en defensa do seu dereito, sen prexuízo do seu dereito a propoñelas en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia previsto no artigo 21 do Real decreto \_\_/2011, do \_\_ de \_\_\_\_\_, polo que se regula o funcionamento da Comisión de Propiedade Intelectual.

**PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL:** en cumprimento do artigo 5.1 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos facilitados por vostede van ser introducidos nun ficheiro do cal é responsable a Subdirección Xeral de Propiedade Intelectual do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (Praza do Rei, 1, Madrid) onde vostede se poderá dirixir a exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición consonte o previsto na dita lei. Así mesmo, infórmase de que os datos facilitados por vostede a través deste formulario non van ser cedidos a ningún outro organismo, sen prexuízo dos trámites previstos legal e regulamentariamente no procedemento que vostede inicia, e do dereito dos cidadáns a coñeceren en calquera momento o estado da tramitación dos procedementos en que teñan a condición de interesados, e a obter en copias de documentos contidos neles, establecido no artigo 35.a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.